

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2021-2022

E.E.I deOLAS

Concello de

Mesía A

Coruña.



ÍNDICE

1. OBXECTIVOS

1 Obxectivos para Ed. Infantil e Ed. Primaria

1.2 Medidas a desenvolver para a consecución dos obxectivos

1.3 Recursos previstos para o efecto

2 HORARIO XERAL DO CENTRO

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

4. ORGANIZACIÓN DO

CENTRO

4.1 Estructura orgánica

4.2 Estatística de principio de curso

4.3 Situación das instalacións e do equipamento

4.4 Horarios

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.E

6. COLABORACIÓN COA FAMILIA

7. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E

EXTRAESCOLARES

7.1. Actividades

7.2. Saídas

8. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

9. HORA DE LER

10. PROGRAMACIÓN ANUAL DE FORMACIÓN DE PROFESORADO



11. OUTROS PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

12. PROXECTO DE ORZAMENTO DO CENTRO

13. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

14. PLAN DE AVALIACIÓN DA ESCOLA

15. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA ESCOLA

1 OBXECTIVOS

Como esta é unha Escola Infantil que conta cunha soa unidade poñemos os obxectivos de aula. A continuación pasamos a establecer os obxectivos específicos para a nosa programación.

1.1 Obxectivos para E.I.:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Estimular a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares
- Afianzar a propia personalidade e adquirir autoestima, esforzándose no desenvolvemento das actividades diarias.
- Adquisición de hábitos de autonomía, hixiene e orde nos espazos habituais nos que se move o alumnado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Respectar distintos grupos sociais próximos, valorando as súas características, producións culturais e formas de vida.
- Promover accións que axuden a mellorar a conservación e coidado do medio ambiente, cun achegamento a natureza.
- Concienciarse da redución de residuos a través do almorzo de media mañá (os alimentos deberán vir dentro dun recipiente hermético, para evitar envoltorios e envases que danen o medio ambiente).
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e pertenza, baseándose no respecto ás persoas e ás normas da sociedade.

--Apreciar as celebracións persoais e comunitarias e algúns elementos significativos da cultura galega.

--Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais, valorándoas como ferramentas de relación cos demais.

--Empregar creativamente as diferentes linguaxes (musical, plástica, corporal,...), axustando as técnicas expresivas aos seus intereses e sentimentos.

--Descubrir a linguaxe escrita mediante a presentación de todo tipo de textos e iniciar o proceso lecto-escritor.

--Fomentar o gusto pola lectura facendo uso da biblioteca.

--Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas mediante actividades relacionadas coa vida cotiá, promovendo situacións reais de aprendizaxe.

--Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC, como ferramentas de busca de información, creación, expresión, comunicación,...

--Favorecer a coordinación entre familia e escola, implicando aos pais na colaboración de distintas actividades da escola como saídas, proxectos, materiais ou na realización de festivais.

1.2 Obxectivos para E. P :

--Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

--Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido

crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

--Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

--Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

--Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

--Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

--Coñecer, comprender e respectar as distintas culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con minusvalía.

--Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

--Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.



--Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

--Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

--Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

--Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

1.2 Medidas a desenvolver para a consecución dos obxectivos:

As medidas que se desenvolverán para a súa consecución, serán a elaboración e desenvolvemento de diferentes **proxectos**. Ademais existirá unha coordinación continúa con outras escolas do Concello, como a escola de Visantóña, para a elaboración de proxectos, actividades en común de forma telemática e presenciais sempre e cando a situación sanitaria sexa favorable, informando aos pais/nais para que a súa colaboración coa escola reverta nunha mellora educativa para os seus fillos/as.

A **liña metodolóxica** aparece enmarcada nunha concepción construtivista da aprendizaxe, principio recollido na competencia básica de “**aprender a aprender**”. Seguiremos o establecido no **Real Decreto 1630/2006 do 29 de Decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil** e o **Decreto 330/2009 de 4 de Xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**.

Por isto levarase á práctica as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos dos nenos/as e do seu nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a aprendizaxe significativa.
- Traballar dende unha perspectiva globalizadora.
- Favorecer a aprendizaxe activa.
- A consideración do xogo como a actividade propia desta etapa.
- Favorecer a creatividade, a capacidade de expresión, o interese e a individualización e socialización.
- Crear un clima de seguridade e confianza: É preciso que os educandos se sintan seguros e valorados na aula, para así poder construír o coñecemento, tal e como defendían as **Irmás Agazzi**.

A nosa aula cumpre co establecido no **Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro**. O ambiente da aula ten que ser estimulante e ordeado, e para acadar un ambiente significativo, teremos en conta os intereses e motivacións do alumnado, con materiais que o deixe explorar, experimentar e compartir cos demais. Os materiais serán polivalentes, primando os de refugallo, os de creación propia e os audiovisuais. Os espazos da aula estarán coidados esteticamente e serán acolledores

- O rol que debe asumir o profesorado: ofrecéndolle ao educando as ferramentas necesarias para desenvolver tódalas súas potencialidades dende o respecto aos seus procesos madurativos, é dicir, partindo do nivel de desenvolvemento do infante, seguindo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**
- A coordinación entre todos os profesionais que interveñen.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias.

Fundamentalmente, empregarse a **Aprendizaxe Baseada en Proxectos** como método globalizado que permitirá contribuír o desenvolvemento das competencias

así como a **Aprendizaxe Cooperativa**.

Segundo **Specer Kagan** a aprendizaxe cooperativa é o uso didáctico de **equipos reducidos** de alumnos, xeralmente cunha **composición heteroxénea** en rendemento e capacidade, aínda que ocasionalmente poden ser homoxéneos, empregando unha **estrutura de actividade** tal que asegure ó máximo a **participación equitativa** e potencie ó máximo a **interacción simultánea** entre eles, coa finalidade de que todos os membros do equipo aprendan os contidos propostos. A aprendizaxe cooperativa basearase en **tres puntais básicos**:

- Un ensino personalizado: axustado ás características persoais do alumnado.
- A autonomía do alumnado: para aprender da forma máis autónoma posible.
- A estruturación cooperativa da aprendizaxe: que permita que os nenos/as se axuden mutuamente a aprender.

Ademais, contribuírase **á educación emocional**, co fin de lograr unha convivencia pacífica e respectuosa, no seo do grupo elaboraremos unhas normas de convivencia que pactaremos a principio de curso co noso alumnado. Así como, abriremos a nosa aula ao contorno, colaborando e participando coas familias, equipo docente e outros contextos sociais a través de visitas, saídas, intercambio de información...

No caso de suspensión da actividade lectiva, tomaranse as medidas pertinente para manter o proceso de ensino-aprendizaxe, tendo presente a **Resolución do 17 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no curso académico 2021-2022. Así como a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da Covid- 19.**

Tendo en conta a etapa educativa que nos atopamos a proposta metodolóxica do

Plan de Ensino Virtual terá en conta os principios de globalidade e significatividade.

A ensinanza virtual, realizarase a través das aulas virtuais. As familias, identificaranse coas súas credencias persoais, e accederán aos distintos cursos.

A liña metodolóxica que seguiremos na aula virtual aparece enmarcada nunha concepción construtivista da aprendizaxe, principio recollido na competencia básica de “aprender a aprender”.

Terase en conta, na realización das actividades os seguintes criterios:

- Flexibilidade
- Respetar tempos de rutina e de xogos
- Crear un clima de confianza e seguridade
- Prestar especial atención ao alumando con Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Garantirase unha comunicación fluída coas familias, a través das canles habituais de comunicación, respondendo as súas dúbidas e apoiándoas no proceso de ensinanza aprendizaxe do seus fillos/as.

Na **Educación Primaria** é necesario proporcionar experiencias para que o alumnado aprenda a observar a realidade, a facerse preguntas, e a reflexionar. A idea de globalidade debe guiarnos nesta etapa e sabendo integrar os diferentes contidos arredor da experimentación, investigación, traballos de campo, saídas, visitas, observación directa... e o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas. Estas fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a Teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. As Tecnoloxías da Información e da Comunicación,

son xa case imprescindibles para calquera aprendizaxe. Constitúen un acceso rápido, sinxelo á información sobre o medio e é, ademais, unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes. Mediante a observación e o rexistro nas diferentes actividades do día, detectárase posibles dificultades que poida ter cada neno/a; así como tamén contamos coa colaboración do Departamento de Orientación do C.I.P de Xanceda.

1.3 Recursos previstos para o efecto:

Como elemento imprescindible dos principios metodolóxicos que se levarán a cabo ao longo dos diferentes proxectos, establécense os recursos referidos a materiais e persoas, os cales veranse influenciados polas posibilidades que ten o centro educativo.

En canto aos **materiais** dispoñibles o centro conta coa axuda tanto da administración como do concello, polo que dispón de dous ordenadores e EDI. No centro tamén contamos con algún material para atender á diversidade do aula, como libros de texto, dicionarios, enciclopedias, xornais, fichas de reforzo e ampliación, laminas de diferentes áreas, guías didácticas, acceso a internet que nos permitirá utilizar programas informáticos, moi motivadores para os rapaces destas idades.

A nivel de aula, buscarase material diverso, variado e interactivo, tanto no que se refire ao contido como ao soporte. Tamén que permita o uso por parte de todos, que non sexa discriminatorio, e que cumpran unha serie de requisitos como que sexan seguros e facilmente manexables. Na aula contamos con materiais para o xogo, para traballar a linguaxe e a lectoescritura como contos, revistas, xogos de lectura, materiais de diferentes texturas para estimular as sensacións e as percepcións, materiais para traballar a lóxico-matemática como; xogos de mesa, de ordenar,

bloques lóxicos, crebacabezas, materiais para traballar a expresión plástica como; pinturas, témperas, rotuladores, barro, plastilina, materiais audiovisuais e informáticos. Os materiais estarán gardados e serán empregados baixo supervisión do mestre. Logo de empregar os materiais, serán desinfectados.

En canto ao **persoal** implicado no proceso educativo a nivel de aula e seguindo a **Orde do 25 de xuño de 2009** (anteriormente mencionada) o grupo de alumnos/as conta con 1 mestra, profesorado especialista de lingua estranxeira e outra de relixión.

Establécese un contacto continuo coas familias para informarlles do proceso de aprendizaxe dos seus fillos, a través da hora semanal de atención a pais que se levará a cabo ben vía telemática, ben presencialmente, avisando previamente e na

outra aula ca que conta a escola. Por último co orzamento que concede a Consellería, queremos aumentar o material audiovisual e informático, xa que este ano contamos cun orzamento para renovar a nosa biblioteca, aínda que a maior parte do presuposto o leva o material funxible e equipamento do centro, e este curso en concreto, material relacionado co COVID19. Solicitouse á UAC outro ordenador para facilitar o acceso ás TICS por parte do alumnado. Ademais este ano pedirase material de música xa que o centro carece del.

2 HORARIO XERAL DO CENTRO

O noso centro ten como horario lectivo xornada continuada de mañá de 09:30 a 14:30. Os alumnos terán un período de lecer de 30 minutos dende as 12:00 ata as 12:30. O período de permanencia na escola da titora será os martes de 14:30 a 15:30 para atención a pais.

As horas complementarias serán tódolos días de 09:00 a 09:30 ,os martes de 14.30 a 15:30 e luns, mércores e xoves de 14:30 a 15:00.

No caso de ausencia prevista da mestra responsable da escola (visita médica, exames oficiais,...), o procedemento a seguir será:

--Solicitar permiso a Inspección

--Avisar ás especialistas de relixión ou lingua estranxeira para que queden na escola

--Informar as familias

En caso de ausencia imprevista, o procedemento será:

--Avisar ás familias, na medida do posible e na maior brevidade.

-- Dar aviso á Inspección.

Contactarase coa mestra especialista de inglés ou coa mestra de relixión para facer a substitución.

Hai que ter en conta a posibilidade dalgunha modificación de horario nos días de festivais ou de saídas.

Este ano incorpóranse por primeira vez ao centro educativo 1 alumno de 3 anos, e inda que sabemos que temos todo o mes de setembro para facer o **período de adaptación**, faremos unha incorporación gradual ata o 21 de setembro, que irá aumentando progresivamente. Este horario pode ser modificado en función dos nenos.

O día 16 de maio será o día non lectivo elixido polos centros da zona, aínda pendentes da autorización da Xefatura Territorial.

ALUMNADO

	NENAS	NENOS	TOTAL
4º E.I.	0	1	1
5º E.I.	1	3	4
6º E.I.	1	1	2
2º E.P.	4	1	5
			12

HORARIO ALUMNADO:

HORARIO INFANTIL

HORARIO E. INFANTIL					
Notas: Merenda 11:40					
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:20	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Inglés	Relixión
10:20-11:10	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Globalizado
11:10-12:00	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Globalizado
12:00-12:30	L	E	C	E	R
12:30-12:50	M.LECTOR	M.LECTOR	M.LECTOR	M.LECTOR	M.LECTOR
12:50-13:40	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Globalizado
13:40-14:30	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Globalizado	Globalizado

2º PRIMARIA

HORARIO E. PRIMARIA					
Notas: Merenda 11:40					
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:20	Mate	Mate	Mate	Mate	Mate
10:20-11:10	L.G.	L.C.	L.C.	Inglés	Relixión
11:10-12:00	L.C.	L.G.	L.G.	Inglés	L.G
12:00-12:30	L	E	C	E	R
12:30-13:50	M.LECTOR	M.LECTOR	M.LECTOR	Relixión	M.LECTOR
12:50-13:40	C.Sociais	C.Naturais	C. Naturais	L.C.	C.Sociais
13:40-14:30	E.Física	Música	E.Física	L.G.	Plástica

3 ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

Nesta escola non contamos cos servizos de transporte nin comedor escolar.

4 ORGANIZACIÓN DO CENTRO

4.1 Estrutura Orgánica

-Mestra: Noelia Conchado Castro (responsable do centro)

-Representante dos pais/nais: M^a José Sánchez Miranda

-Representante do Concello: Pilar Sánchez Ulloa.

O calendario de reunións do Consello Escolar, será polo menos de tres por curso, aínda que reunirse as veces que se estimen oportunas. Celebraranse en día e hora

que posibiliten a asistencia de todos os membros, preferentemente os martes de 14:30 a 15:30. Empregarase de forma preferente as reunións a través de webex ou non presenciais.

-Órganos de coordinación docente: As funcións da Comisión pedagóxica, E.D.L.G e equipo de actividades complementarias son asumidas pola mestra destinada na escola. Formo parte do departamento de orientación do C.P.I. de Xanceda.

4.2 Estatística de principio de curso

Alumnado matriculado:

- 1 neno de 4º de Educación Infantil.
- 4 nenos de 5º de Educación Infantil.
- 2 nenos de 5º de Educación Infantil.
- 5 nenos de 2º de Educación Primaria.

Profesorado:

- Titoras: Noelia Conchado Castro.
- Relixión: Fátima Núñez Álvarez .
- Inglés: Laura Gómez Freire.

4.3 Situación das instalacións e do equipamento

A situación das instalacións da escola é bastante variada pois aínda que a estrutura é boa, as aulas están bastante mal illadas tanto no chan (terrazo, que no inverno é moi frío e esvárase moito) como nas ventás, que deixan pasar o frío, conta con 2 radiadores eléctricos. Hai moita humidade polo que teñen que estar permanentemente en funcionamento dous deshumidificadores.

Contamos con un patio cuberto e un parque infantil no exterior.

En canto o equipamento didáctico pode ser mellorable habendo carencia en material de música.

4.4 Horarios

Debido ás características da EEI de Olas, a responsable administrativa da mesma é a mestra titular, **Noelia Conchado Castro**, que desempeña as funcións de dirección, secretaría, xefatura de estudos, así como a titoría de todo o alumnado.

A parte das 25 horas de docencia directa co alumnado, a mestra permanecerá no centro todos os días en atención ao centro de 9:00 a 9:30. Os martes de 14:30 a 15:30 será o tempo adicado para atención ás familias e o tempo de permanencia no centro, ademáis do sinalado ata o momento, luns, mércores e xoves de 14:30 a 15:00 horas.

Asistirase as reunións do Departamento de Orientación, que se levarán a realizarán no CPI de Xanceda (este ano faranse a través da aplicación webex de videoconferencia).

Horario da mestra de Inglés: xoves de 9:30 a 12:30.

Horario da mestra de Relixión: xoves de 12:30 a 13:20 e venres de 9:30 a 11:10

A **orientadora** do CPI de Xanceda debido á situación que vivimos, chamará e estaremos en contacto a través do correo, chamadas e posibles necesidades que vaian xurdindo.

CALENDARIO ESCOLAR

Tendo en conta a Orde do 19 de maio do 2021 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022, este será:



SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6				1	2	3	4							1		1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30					26	27	28	29	30	31	23/30	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31				

XANEIRO							FEBREIRO							MARZO							ABRIL						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
25	26	27	28	29	30	31								29	30	31					26	27	28	29	30		

MAIO							XUÑO							XULLO							AGOSTO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
					1	2	1	2	3	4	5	6				1	2	3	4							1	
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	10	17	18	19	20	21	22
24/31	25	26	27	28	29	30	28	29	30					26	27	28	29	30	31	23/30	24/31	25	26	27	28	29	

○

día non lectivo solicitado pola escola é o 16 de maio(pendente de aprobar por Xefatura Territorial, pero xa recollido no Consello Escolar).

5 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.E

En consecución dunha educación que garanta a igualdade de oportunidades, así como unha educación de calidade para todo o alumnado e coa intención de previr o fracaso escolar, o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial, como así o recolle a normativa vixente. Este será o punto de partida para coñecer o nivel de competencias, detectar os posibles retrasos académicos e valorar as dificultades da aprendizaxe que requiren avaliación psicopedagóxica por parte da orientadora.

En función das necesidades detectadas intervirese educativamente. O alumnado con n.e.e., terá atención da orientadora, que xunto coa mestra da escola, levarán adiante a intervención que se concrete no “programa de intervención” que elaborarán xunto

coa orientadora.

As estratexias utilizadas estarán adaptadas ás necesidades do alumno, priorizando un aprendizaxe significativo adecuado ao seu nivel de desenvolvemento e respectando o seu ritmo na aprendizaxe. Os obxectivos estableceranse a curto prazo, para facilitar situacións de éxito, aumentando a motivación positiva.

Esta intervención irá encamiñada a mellorar as competencias básicas nas materias instrumentais do currículo, e tenderá a posibilitar a maior integración do alumno no grupo, de maneira que participe en tódalas áreas, poñendo especial interese nas actividades relativas a conmemoracións ou actividades extraescolares.

Por outra banda, e tal e como se establece na lexislación actual vixente o Plan de Orientación parte das medidas de atención á diversidade que na mesma se contemplan e das reflectidas no Proxecto Educativo. Dende este punto de vista dito Plan de Orientación debe comprender tres ámbitos de actuación fundamentais: Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe, Plan de apoio á acción titorial e o Plan de orientación académica e profesional .

Establécense as liñas prioritarias de actuación que seguen:

--Promover a convivencia así como a **resolución pacífica de conflitos** no marco dunha escola plural desenvolvendo as accións oportunas.

--Asesorar, colaborar e incorporar contidos relacionados coa **aprendizaxe emocional**, dinámica de grupos e **igualdade real entre homes e mulleres**, reflectidas no plan de acción titorial.

--**Identificar de forma temperá as necesidades, revisar e/ou modificar as medidas de apoio ou reforzo** que estea a recibir o alumnado, e establecer canles de colaboración entre orientadores-as dos centros de primaria e secundaria da mesma zona; todo iso enmarcado no campo da atención á diversidade.

--**Participación e implicación das familias** na vida do centro e na educación d@s seus fill@s.

As actividades propostas no mesmo abranguerán so dous dos ámbitos de actuación e que son os que seguen:

--Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

--Apoio á acción tutorial.

6.COLABORACIÓN COA FAMILIA

A Educación é unha tarefa compartida entre pais e mestres cuxo obxectivo é a formación integral dos nenos. A liña de acción debe levarse a cabo de maneira conxunta, tanto a titora como as familias teñen a responsabilidade de facer partícipes aos outros e facilitarlles toda a información necesaria para que se sintan unidos a escola e a familia e, polo tanto, responsables do proceso educativo dos nenos.

Para acadar todo isto faremos:

--Unha entrevista inicial na formalización da matrícula

--Unha entrevista para falar do funcionamento da escola mantendo as distancias de seguridade e atendendo ás indicacións sanitarias pola presenza do COVID19.

--Reunións colectivas de ser necesarias, e podendo empregar a videoconferencia.

--Entrevistas ao longo de todo o curso

7. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

7.1. Actividades:

Prevese que ao longo do curso realizaranse as seguintes actividades (debemos ter en conta que algunhas poden verse modificadas debido ós intereses que poidan ir surxindo):

--Día das Bibliotecas Escolares: Elaboración de carnés para o alumnado novo, renovación dos xa existentes, ademais de levar un rexistro do préstamo de libros.

--Samain: o día 30 de Outubro: disfraces, con cancións, conxuros, exposición de cabazas, merendas terroríficas e mural relacionado coa temática e castañas asadas.

--Commemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia: Traballaremos o concepto de democracia a través do libro “A urna dos desexos” e do conto dos leóns, facendo diferentes actividades, intentando facer unha vivenciación na clase sobre o tema.

--Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: falar sobre os dereitos que temos, investigar e expresar algún outro que lles pareza importante. Tomando como modelo un bocadillo de cómic, escribiremos un dereito que consideremos e, nunha cartolina debuxaremos a figura dunha persoa da que van saíros bocadillos dos nenos/as.

--Día contra a violencia de xénero: Mural relacionado co tema, facer pulseras e un slogan.

--Nadal: todo o mes faremos actividades ao respecto.

--Día da Paz: Elaboraremos un botiquín no que dentro meteremos unha banda para manifestar o noso desexo de paz “ O botiquín da Paz”. Despois, coas bandas

formaremos a palabra paz. A maiores, a cada neno asigaráselle un personaxe que loitara pola consecución da Paz e gravaremos un video falando un pouco do que fixo e cando o fixo.

--Día de Rosalía: CD Uxía- Rosalía pequeniña. Lectura de contos dobre Rosalía e libro sobre a vida dela en Din A3. A cada alumno asignaráselle unha parte da vida da outra e investigaremos en conxunto sobre ella. Na metade do folio irá unha imaxe e na outra un pequeno escrito. Plastificarase o traballo e quedará como recurso da aula. Os maiores leerán cada día unha parte da vida aos demais.

--Entroido: Levaremos a cabo o meco durante toda a semana. Faremos ese día a celebración de entroido na escola coa temática de forzas de seguridade do Estado, policía, bombeiros, etc. Seguidamente comeremos postres típicos que traerá cada neno da súa casa.

--Día Internacional da Muller Traballadora: Tema que traballaremos a través do conto “Cuentos de buenas noches para niñas reveldes”, no que se fala de mulleres pioneras.

--Día Mundial dos Dereitos do Consumidor: Explicar e saber que é a publicidade enganosa. Poñer exemplos nos que se detecte.

--Semana da prensa: traballaremos cos xornais e crearemos un coas noticias que nos parezan importantes, o Diario de Olas.

--Día Mundial da Saúde: tema que traballamos a diario na Escola do tema de lavado de mans, uso de máscara, distancia de seguridade debido á situación que estamos vivindo coa presenza do COVID19.

--Día do Libro: Durante unha semana faremos o apadriñamento lector. Os maiores contarán contos ós mais pequenos

--Día de Europa: pararémonos un pouco e coñecer Europa, algún dos seus países

importantes e un monumento que sexa relevante de cada lugar. Elaborarase un código QR.

--**Día das letras galegas:** faremos un pequeno proxecto do autor homenaxeado e as nosas pandereteiras tocarannos unha peza.

--**Día Mundial do Ambiente:** faremos actividades plásticas con material de refugallo e traballaremos o conto “ Rana de tres ojos”.

--**Festa fin de curso:** Farase unha festa fin de curso na que, dependendo da evolución epidemiolóxica, se traerá algún grupo á escola ou se buscarán alternativas.

Teremos en conta todas as conmemoracións recollidas na **ORDE do 19 de maio do 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.**

7.2. Saídas

Atendendo ó Protocolo, e debido á situación da pandemia mundial do COVID 19 pola que estamos atravesando, este curso académico levaremos a cabo as saídas que consideremos oportunas tendo en conta o clima de seguridade.

8. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

Seguindo o Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:

- ✓ usarase na aula a lingua materna predominante entre o alumnado (galego).
- ✓ atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo conta a súa lingua materna.
- ✓ as comunicacións entre escola e pais e entre escola e administración, serán todas



en galego.

- ✓ Valorar a lingua de Galicia, facendo uso dela con normalidade en todas as situación comunicativas, adoptando una actitude respectuosa perante a intervención dos outros interlocutores.
- ✓ Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito, por parte de todos os membros da Comunidade Educativa.
- ✓ Impulsar a plena normalización lingüística e cultural do contorno no que se atopa o centro.
- ✓ Manter o galego como lingua de relación normal entre os diferentes membros da Comunidade Educativa, así como a lingua de uso habitual en todo tipo de actos oficiais e públicos.
- ✓ Fomentar a lectura en lingua galega, con especial incidencia na literatura dos nosos días e nos nosos autores.
- ✓ Procurar o incremento, en calidade e cantidade, da correcta expresión oral e escrita do alumnado.
- ✓ Animar aos nenos e nenas a que escoiten música galega, así como promover o gusto polo teatro, filmes ou vídeos en lingua galega
- ✓ Potenciar a conservación do noso patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores
- ✓ Coñecer máis e mellor a Galicia e á nosa comarca, facendo especial fincapé en personaxes ilustres, escritores/as, festas tradicionais
- ✓ Contribuír á recuperación dos xogos populares galegos, xa que son parte fundamental da cultura do noso pobo.

- ✓ Fomentar o uso do galego na aplicación de actividades das novas tecnoloxías da información e comunicación.

9.HORA DE LER

Ao longo do curso propiciaremos a lectura tanto a nivel individual como colectiva, integrado dentro do horario xeral do centro de 12:30 a 12:50.

Deste xeito ademais de propiciar o gusto pola lectura, favorecemos a relación e implicación das familias, dos nenos e a relación intercentros

10.PROGRAMACIÓN ANUAL DE FORMACIÓN DE PROFESORADO

De acordo cos cursos de formación ofertados polo CAFI, aproveitaremos aqueles cursos que se ofertan que estean orientados ás nosas necesidades e características dos nosos alumnos/as. Este ano comezaremos co Plan de formación relacionado co Plan dixital de centro cuxa elaboración e posta en marcha está prevista para este curso e o próximo. Neste plan participamos coa escola de Visantofña sendo Noelia Conchado Castro a coordinadora do mesmo. A maiores, e co gallo de profundizar os nosos coñecementos sobre a aula virtual, formamos un grupo de traballo coordinado pola mestra de inglés e titora de Visantofña. .

11.OUTROS PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

De momento non se conta con ningún.

12.PROXECTO DE ORZAMENTO DO CENTRO

A escola conta co orzamento da Consellería de Educación que é de **2100€**

13.PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

O obxectivo principal deste plan é facer fronte a calquera Incidencia que afecte á seguridade do alumnado, do profesorado e demais persoas:

- ◆ entregar os nenos só os pais ou persoas autorizadas
- ◆ manter aos nenos lonxe da calquera posible perigo
- ◆ ter o botiquín ao día.
- ◆ velar polo perfecto estado dos extintores.

14.PLAN DE AVALIACIÓN DA ESCOLA

Consideramos necesaria a realización dunha avaliación inicial que nos axude a coñeceros nenos cos que imos traballar, e que ó mesmo tempo nos sirva de punto de referencia para comparar a evolución de cada alumno/a, do grupo como tal e da súa relación co mestre.

A avaliación ó longo do curso será continua, unha avaliación que permita ir detectando os fallos a medida que se vaian producindo, e poñer os medios que permitan ir corrixindo as dificultades.

Unha avaliación que atenda á evolución global dos alumnos/as e os seus aspectos específicos dentro desa globalidade. Así meso, terá en conta tódolos aspectos que interveñen no proceso de aprendizaxe de cada nenos e no feito educativo como tal.

O remate de cada trimestre comunicaráselles aos pais/ nais ou titores legais a evolución do neno/a ao longo do trimestre, de acordo dos datos que os boletíns oficiais esixen, sen prexuízoda información dada ao longo dos meses nas reunións individuais que mantemos con cada pai/nai ou titor legal.

15. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA ESCOLA

Fóra do horario lectivo poderán usar as instalacións da escola calquera organización, sempre e cando contén coa debida autorización da responsable da escola, do Consello Escolar ou da Consellería.